

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 11 DE XUÑO DE 2012.

En Bergondo, a 11 de xuño de 2012 sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, no Local social de Santa Marta de Babío (Concello de Bergondo).

Asistentes:

- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- Dna. Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. Xoan Alvarez LLana en representación da *Mesa do sector institucional* (Fundación para o avance científico da veterinaria en Galicia)
- D. Carlos Vales Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de emprego, promoción económica e turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG's* (ASPACE).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en calidade de asesor externo da Asociación “Mariñas – Betanzos”.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

En ausencia da Secretaria fai as súas funcións Dna. Aida Pérez Barredo, Representante da Mesa do sector empresarial e tesoureira da Asociación.

A representante da Asociación Roxín Roxal, Sabela Iglesias que deixar constancia que non recibiu a convocatoria a tempo para a Directiva anterior. Tampouco recibiu a información para apoiar á Candidatura a Reserva da Biosfera, polo que pide que se transmita ao Equipo Técnico que os envíos de correo aparte de ser enviados ao correo da Asociación Roxin Roxal, sexan remitidos tamén ao enderezo electrónico particular de Sabela Iglesias, con confirmación de lectura.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior.

2. SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER 2007-2013.

2.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.1.1. Difusión das actividades da Asociación Mariñas – Betanzos na promoción do territorio no ano 2011 (L12-43100-29-B172)

Con data 13 de marzo de 2012 emitíuse solicitude de axuda para a difusión das actividades da Asociación Mariñas-Betanzos na promoción do territorio no ano 2011.

Os investimentos deste proxecto non produtivo consisten no deseño e publicación de 150 libros, horas de traballo da auxiliar-administrativa adicadas a recopilar información de todas as actuacións do ano 2011, custo de correos para a distribución dos libros entre os asociados, custo de fotocopias e custo de teléfono vinculado a execución do proxecto.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 3.800.-€ (IVE incluído). Esta iniciativa encaixa na medida 431B de adquisición de capacidades e promoción do territorio.

Con data 25 de maio de 2012, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 100 puntos, correspondéndolle un 100% de axuda do Programa Leader. A axuda ascende a 3.800.-€ .

A Xunta Directiva acorda aprobar este proxecto, enviando esta resolución a AGADER.

2.1.2. Difusión da estratexia de desenvolvemento do grupo. Asistencia a feiras no territorio de Mariñas-Betanzos (L12.43100-29-B0184)

Con data 10 de abril de 2012 emitíuse solicitude de axuda para a difusión da estratexia de desenvolvemento do grupo e asistencia a feiras no territorio de Mariñas-Betanzos.

O obxecto deste proxecto e que o GDR Mariñas - Betanzos asista as diferentes feiras que se celebran no territorio (Cambre, Culleredo, Paderne, Carral...) participando na difusión da estratexia e do programa do grupo dentro do territorio de actuación, dando a coñecer o Programa Leader 2007-2013.

Os investimento deste proxecto non produtivo consisten na inscrición nas feiras, aluguer de carpas e stand, edición de material divulgativo, custo do persoal, promoción de produtos do territorio, teléfono, correos e copias.Os investimentos deste proxecto ascenden a 12.000.-€ (IVE incluído). Esta iniciativa encaixa na medida 431B de adquisición de capacidades e promoción do territorio.

Con data 06 de xuño de 2012, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 100 puntos, correspondéndolle un 100% de axuda do Programa Leader. A axuda ascende a 12.000.-€ .

A Xunta Directiva acorda aprobar este proxecto, enviando esta resolución a AGADER.

2.2. SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE PROXECTOS DO PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.2.1. SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO PROXECTO “L09-41100-29-0024 MELLORA DUNHA EXPLOTACIÓN CENTRO DE PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DA RAZA GALIÑA PIÑEIRA”

Con data 18 de Maio de 2012, a entidade promotora “Fundación para o Avance Científico da Veterinaria en Galicia”, solicita unha prórroga na xustificación final do proxecto ata o 31 de xullo de 2012 e unha redución dos investimentos iniciais. O motivo da prórroga é que está pendente de obter a licenza de apertura do Concello.

Coa redución dos investimentos liberaríanse fondos por importe de 44.717,80.-€

A Xunta Directiva autoriza a prórroga e a redución dos investimentos iniciais solicitados, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

2.2.2 SOLICITUDE MODIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA AXUDA DO PROXECTO “L09-41300-29-0017 NOVA ESCOLA INFANTIL NA LAGOA (MAIANCA)”.

Con data 06 de Xuño de 2012, o Concello de Oleiros solicita unha prórroga na xustificación final do proxecto ata o 30 de setembro de 2012.

O motivo é que o compromiso de creación de emprego non será efectivo ata setembro de 2012.

A Xunta Directiva autoriza a prórroga solicitada, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

2.3. INFORME PROXECTOS DENEGADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER

2.3.1 Modernización empresa coa implantación dun servizo de comidas tradicionais en Abegondo (L11-41300-29-0104)

Con data 08 de abril de 2011 ten entrada no rexistro da Asociación, solicitude de axuda para a modernización dunha empresa coa implantación dun servizo de comidas en Abegondo.

A entidade promotora deste proxecto é unha sociedade civil familiar, que na actualidade rexentan unha cafetería-bar no núcleo de San Marcos (Concello de Abegondo).

Este proxecto consiste na implantación dun novo servizo de creación dunha casa de comidas elaboradas practicamente na súa totalidade con produtos do territorio Mariñas-Betanzos.

Este servizo vaise crear na planta superior do local (a planta baixa adícase a cafetería e bar). Vanse utilizar as mesas e cadeiras coas que contaba o local no momento do aluguer.

Investimentos deste proxecto: menaxe, armario snak con departamento de pescado, expositor refrixerado, aire acondicionado.

Con data 14 de maio de 2012 , recíbese de Agader o Informe de Control de Elexibilidade desfavorable, en base a que a maioría dos elementos poden calificarse de funxibles; non hai investimentos en cociña e a existencia das mesas e cadeiras supón que xa existe un restaurante que funciona como tapería. Por outra banda consideran que a previsión das vendas son elevadas tendo en conta o número de mesas existentes.

A Xunta Directiva acorda denegar este proxecto, enviando esta resolución a AGADER.

3. SEGUIMIENTO CANDIDATURA RESERVA DA BIOSFERA:

Informar ao respecto das Mocións Institucionais da Candidatura a Reserva da Biosfera que os 18 concellos aprobaron esta Moción nos seus Plenos, estando todas presentadas no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos”.

Fernando Bandín, representante da Asociación Rabo do Galo, manifesta que dende a súa entidade tamén se fixo sensibilización. Así mesmo, propón que se envíe o listado de apoios á Xunta Directiva para que poidan recabar algún apoio máis. Acórdase que se envíe dende o equipo técnico.

Xúntanse propostas dos seguintes puntos (Ver anexos):

3.1. ZONIFICACIÓN. (VER ANEXO II)

Preséntase a proposta técnica, sendo aprobada.

3.2. ÓRGANO DE XESTIÓN. (VER ANEXO III)

A Comisión traslada a proposta elaborada, que débatesse polos membros da Xunta Directiva. O presidente propón que a Deputación Provincial da Coruña, se vai cofinanciar accións na Reserva, que teña catro representantes no Comité de Dirección. Despois de ser debatido polos asistentes, apróbase a proposta por maioría.

Por outra banda, dende a Xunta Directiva convidan ao Presidente do Consorcio das Mariñas a entrar no Comité de Dirección, aceptando o Presidente, José Antonio Santiso en representación do organismo.

3.3. DIÁGNOSE E PLAN DE ACCIÓN. (VER ANEXO IV)

Preséntase a proposta de Plan de acción, sendo aprobada polos asistentes.

Ao respecto da Candidatura a Xunta Directiva acorda facer no territorio unha presentación pública, convidando a todas as entidades socias de “Mariñas – Betanzos” e non socias, así como as persoas e entidades que teñen apoiado a Candidatura.

4. OUTRAS ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN MARIÑAS – BETANZOS

4.1. SEGUIMENTO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO “AGRO-EMPREGA”.

Xúntase informe mes de maio 2012 (VER ANEXO V)

Infórmase aos asistentes que será necesario prorrogar en 15 días máis a cobertura de seguro de accidentes e responsabilidade civil, contratadas ata o 15 de xuño de 2012 para este Programa, debido a que a formación práctica remata o día 22 de xuño de 2012, e a data prevista de finalización das prácticas non laborais en empresas do territorio é na derradeira semana do mes de xuño.

Unha vez ampliado o período de execución do Programa Integrado de Emprego ata o 31 de outubro de 2012, e para levar a cabo as actividades pendentes tanto no Programa Agro-Emprega como no Proxecto de Cooperación “Novos Horizontes”, e co obxecto de optimizar as evidentes sinerxías e complementariedade de ámbolos dous proxectos a Xunta Directiva acorda unha permuta entre os técnicos responsables.

Acórdase contratar a tempo parcial a Diego Miranda Barrós, técnico en Relacións laborais (Licenciado en Ciencias do Traballo), dende o mes de xullo ata outubro de 2012, para realizar as seguintes tarefas:

- Seguimento das insercións laborais dos alumnos. Búsqueda activa de emprego e apoio na inserción laboral.
- Diágnose do impacto e resultados derivados da realización das prácticas non laborais en empresas (avaliación da actitude do alumnado, avaliación do nivel de satisfacción do empresariado e percepción das posibilidades de integración laboral).
- Establecemento “punto de encontro de emprego” a través de internet.

Acórdase contratar a tempo completo a Miguel Fernandez Pardo, Enxeñeiro Agrónomo e técnico de formación do Proxecto Agroemprega, dende o mes de xullo ata novembro de 2012, para realizar as seguintes tarefas:

- Realización de visitas de control e seguimento dos cultivos implantados nas explotacións piloto colaboradoras no proxecto.
- Organización de xornada de caracterización organoléptica dos cultivos fomentados.
- Elaboración de plans de empresa vinculados ao establecemento de cultivos autóctonos.
- Estudio de comercialización centrado nos canais curtos de distribución e feiras.
- Adaptación das adegas de Viño da Terra de Betanzos para visitas agroturísticas.
- Mobilidade de terras. Busca de terreos ociosos para a súa posta en valor e incorporación de activos.

IMPACTO LABORAL TOTAL

Número total de alumnos con algún tipo de relación laboral durante o Programa Integrado (ata o momento actual)	41
Número de alumnos que están a traballar na actualidade	30

■ IMPACTO LABORAL DIRECTO RELACIONADO CO PROGRAMA INTEGRADO

A continuación esbózase endetalle aqueles postos de traballo creados baixo responsabilidade directa das actuacións incluídas no Programa Integrado:

- Autoemprego como profesionais autónomos en explotacións agrarias: 2 postos de traballo.
- Empregos por conta allea no sector da produción e venda de flor cortada: 2 postos de traballo.
- Empregos vinculados á comercialización de produtos de horta: 2 postos de traballo.
- Proxectos de creación de emprego nos que se está a traballar na actualidade:
 - o 1 posto de traballo en empresa de transformados lácteos.
 - o 1 posto de traballo en explotación hortícola ecolóxica.
 - o 1 posto de traballo en empresa de mantemento de xardíns.

4 postos de traballo en explotación de produción hortícola (cesión e arrendamento de instalacións existentes).

4.2. X FEIRA EMPRESARIAL DE CAMBRE

Celebrase o días 15, 16 e 17 de xuño de 2012 no campo da feira do Concello de Cambre, organizada pola Asociación de empresarios e empresarias de Cambre e o Concello de Cambre.

“Mariñas – Betanzos” participará neste evento, cun stand onde darase información do Programa LEADER e outros proxectos nos que está a participar a Asociación; así como da Candidatura da Reserva Mundial da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

4.3. OBRADOIRO DE AGRICULTURA ECOLÓXICA

Tal como se informou na Xunta Directiva anterior celebrada o día 14 de maio de 2012, dende o GDR Mariñas – Betanzos se está a organizar un Obradoiro de Agricultura Ecolóxica.

- **DESTINATARIOS:** Persoas interesadas en formas de vida saudables e respectuosas coa terra e co medio ambiente en xeral e coa agricultura ecolóxica en particular.
- **UBICACIÓN E INSTALACIÓNS**
 - Invernadoiro de 1.000 m² e parcela de 1 ha sitas no Lugar de Vilartó – Santa M^a de Vigo (Cambre).
- **NÚMERO MÍNIMO DE ASISTENTES**
 - As prazas dispoñibles serán 30, debéndose cubrir polo menos o 80% (24) para posibilitar a impartición do curso.
 - Conformaranse dous grupos de traballo independentes nos que se repartirán os inscritos de maneira equitativa e homoxénea.
- **DURACIÓN DO CURSO E HORARIO**
 - Meses de Xullo, Agosto e Setembro.
 - Horario: dúas xornadas semanais de 3 horas de duración (unha por grupo de traballo); (horario orientativo 18:00 – 21:00 h).
 - **COSTE:** 60 €/persoa e mes. Total do curso: 180 €/persoa.

Está previsto que comece a primeira semana do mes de xullo, tendo unha duración de 3 meses. A este respecto, informar que hai 48 persoas inscritas pendentes de pago, tendo de prazo ata o 15 de xuño de 2012. Si finalmente todas as persoas formalizan a súa inscrición facendo o pago correspondente, estableceranse 3 grupos de traballo, sendo os días preferentes elixidos pola maioría das persoas inscritas: luns, martes e xoves.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

5.1. PECHE DE EXPEDIENTES DO PROGRAMA LEADER 2007-2013

5.1.1. AMPLIACIÓN DESTILERIA EN SANTA CRUZ DE MONDOI (L11-41300-29-0126).

Con data 11 de outubro de 2001, a entidade María Moar López y Otro, S.C. con domicilio social en Santa Cruz de Mondoi (Oza dos Ríos), ten presentado unha solicitude de axuda ao abeiro do Programa Leader Galicia 2007-2013, co obxecto de ampliar as instalacións da destilería, a través da compra dunha caldeira de vapor de menor consumo.

O día 21 de marzo de 2012 tense enviado por correo certificado con acuse de recibo, requirimento de documentación para continuar os trámites do expediente (data saída do rexistro do GDR 20/03/2012 nº rexistro 140).

Tendo recibido o acuse de recibo, que foi asinado pola representante da entidade, María Moar López o día 22 de marzo de 2012, e non sendo entregada a día de hoxe no GDR a documentación requirida, a Xunta Directiva acorda que se peche o expediente e que sexa remitida esta resolución á Dirección Xeral de AGADER.

5.1.2. AULA NET CULTURA ABERTA (L10-41300-29-0044).

Con data 07 de xuño de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para crear unha AULA de informática que contribúa a achegar as TIC,s aos cidadáns da comarca das Mariñas-Betanzos. O promotor deste proxecto non produtivo é unha asociación cultural sen ánimo de lucro constituída no ano 2004 e situada no Concello de Carral, “Cultura Aberta”.

O proxecto consiste na creación dun AULA de informática no local da asociación “Cultura Aberta”, de acceso libre para dar servizo ás asociacións existentes na comarca Mariñas-Betanzos, así como ó público en xeral. Na aula se impartirán cursos de formación dirixidos principalmente aos diferentes colectivos do 3º sector. O servizo sería gratuíto para os menores de 18 anos e os pertencentes a asociacións da Comarca das Mariñas-Betanzos.

O obxectivo principal que persigue este proxecto é dotar dun servizo das TIC´s ó tercer sector, posto que moitas das asociacións existentes na actualidade non contan con este servizo. Os servizos que prestaría a aula sería o acceso a internet, o uso dos equipos para traballos particulares, plans de formación para o coñecemento básico das TIC,s levados directamente pola asociación promotora ou por outra entidade da comarca.

O día 4 de xuño de 2011, tense enviado a AGADER solicitude de validación de ICE favorable deste expediente. Os investimentos deste proxecto ascenden a 15.343,29€ e comprende a adquisición de 12 ordenadores, unha pizarra interactiva, un proxector, 16 cadeiras, 2 mesas e custos da elaboración do proxecto. O financiamento proposto foi do 64,98%, correspondéndolle unha axuda de 9.972,02 euros.

Con data 30 de abril, ten entrada no rexistro de Mariñas – Betanzos un requirimento de AGADER ao respecto deste expediente.

O día 11 de xuño de 2012, ten entrada no rexistro de Mariñas – Betanzos unha desistencia da solicitude de axuda debidamente asinada polo representante da entidade Asociación Cultura Aberta de Carral.

A Xunta Directiva autoriza o peche do expediente e que sexa remitida esta resolución á Dirección Xeral de AGADER.

5.2. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

5.2.1. Creación punto de venda na explotación (Oza dos Ríos) (L10-41100-29-0028).

Con data 05 de febreiro de 2010, o promotor Victor Manuel Sánchez Vázquez solicitou unha axuda para a creación dun punto de venda na explotación (Oza dos Ríos).

O promotor do proxecto é unha persoa física propietario dunha explotación agraria que se adica a produción de leite e carne de vacún. Ademais ten unha pequena produción de ortas.

Este proxecto consiste na adaptación dun local na explotación para a fabricación artesanal de queixos utilizando o leite que produce, ademais de a instalación dun punto de venda destes produtos (queixo e produtos ortícolas), na propia explotación.

Este proxecto implica o inicio dunha actividade produtiva complementaria á actividade gandeira, ademais dunha mellora ambiental.

Investimentos do proxecto: obra civil da adecuación do local de fabricación e venda; cámara de curado do queixo; tanque pequeno para venda de leite e cuba para o queixo; adecuación exterior e peche da finca.

O peche da finca non é subvencionable xa que non contribúe á transformación e comercialización de produtos agrarios.

O promotor non adquire o compromiso de creación de emprego con este proxecto.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 63.607,59-€ (IVE incluído). Esta iniciativa encaixa na medida 411-Dinamización do sector agrario e forestal. Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais

Con data 31 de maio de 2012, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 57 puntos, correspondéndolle un 38,5% de axuda do Programa Leader. A axuda ascende a 24.488,92.-€ .

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable, autorizando a que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER

5.3. SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DE ACCIÓN VOLUNTARIA PARA O FOMENTO E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO E SE PROCEDE A SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2012.

O día 29 de maio ten saído publicado no DOG (número 101) a convocatoria desta subvención dirixida a entidades de acción voluntaria para o fomento e a realización de actividades de voluntariado durante o ano 2012.

A proposta sería solicitar esta axuda para que o persoal voluntario poida realizar as tarefas de apoio ás liñas previstas no Programa de Voluntariado de Mariñas – Betanzos para o ano 2012. (Pagos dos seguros obrigatorios de Accidentes e Responsabilidade civil; gastos de desprazamento do persoal voluntario; gastos correntes (teléfono, material de oficina)... O período xustificable estenderíase ata o mes de outubro de 2012.

A Xunta Directiva autoriza que o Equipo Técnico do GDR tramite esta axuda, que iría destinada ao apoio de voluntarios nas diferentes liñas do Programa de Voluntariado Mariñas – Betanzos, así como nomear á Presidencia, Vicepresidencia e Secretaria para todos os trámites derivados da solicitude.

5.4.-SOLICITUDE REDUCIÓN INVESTIMENTO DO PROXECTO “L09-41300-29-0004 CREACIÓN EMPRESA XESTIÓN INTEGRAL DE TURISMO E SERVIZOS DE OCIO”.

Con data 11 de xuño de 2012, a entidade promotora do proxecto, MUNDOCIO, EVENTOS&ENTRETENIMIENTO,S.L., solicita unha redución do investimento total do proxecto e polo tanto da axuda concedida.

Os investimentos iniciais que figuran na resolución de concesión de axuda ascenden a 169.673,45.-€ e a axuda concedida ascende a 52.598,77.-€. Os investimentos finais do proxecto ascenden a 125.000,83.-€ e a axuda concedida ascende a 38.750,26.-€ o que supón unha liberación de fondos de 13.848,51.-€.

A Xunta Directiva acorda aprobar esta baixada dos investimentos e polo tanto da axuda concedida, supoñendo unha modificación da resolución de concesión da axuda do Programa Leader.

5.5. REUNIÓN CO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Infórmase aos asistentes que antes do día 22 de xuño de 2012, está previsto manter unha reunión co Presidente da Deputación Provincial da Coruña co obxecto de solicitar axuda económica para os Grupos de Desenvolvemento Rural da provincia de A Coruña.

Comunícase que no mes de xuño de 2012 tense que renovar a Xunta Directiva da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia. Dende o GDR Mariñas – Betanzos, que actualmente ostenta a Presidencia deste Grupo, tense a intención de seguir participando na directiva da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia.

Ao respecto da Reserva de Eficacia , o Presidente manifesta aos asistentes que estase pelexando para que se active.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 21.30 horas.

En Bergondo, a 11 de xuño de 2012

A Secretaria accidental

Asdo.: Dna. Aida Pérez Barredo

Vº e praxe Presidencia

Asdo.: D. José A.Santiso Miramontes